

PROCEDEMENTO PO3-03	Edición: 01
ATENCIÓN AO PACIENTE ADULTO GRAVE NAS AA-SVB. PERSOAL TES	
<i>Responsable: Dirección Asistencial</i>	

ÍNDICE

1. OBXECTO E ALCANCE
2. DESENVOLVEMENTO
3. REXISTROS
4. GLOSARIO (OPCIONAL)
5. ANEXOS

Control de modificacións		
Edición	Data aprobación	Apartados modificados
01	22/02/2023	Documento orixinal

PROCEDEMENTO PO3-03	Edición: 01
ATENCIÓN AO PACIENTE ADULTO GRAVE NAS AA-SVB. PERSOAL TES	
<i>Responsable: Dirección Asistencial</i>	

1.- OBXECTO E ALCANCE

Establecer o procedemento de actuación a seguir polas empresas de transporte sanitario que prestan servizo na Rede de Transporte Sanitario Urxente de Galicia-061 (RTSUG-061) ante pacientes adultos que presenten lesións que poñen en risco a súa vida.

Pretendese tamén:

- Proporcionar pautas de actuación en diferentes escenarios de atención sanitaria urxente.
- Optimizar a atención sanitaria do paciente co fin de prestar a mellor calidade asistencial.
- Crear un entorno seguro durante a actuación sanitaria.

Este procedemento é de aplicación a todas as empresas de transporte sanitario urxente que prestan servizo na RTSUG-061 e ao persoal sanitario da CCUSG-061.

2.- DESENVOLVEMENTO

A atención inicial ao paciente crítico supón un reto que implica unha valoración integral, sistemática e esquematizada desta para a detección das alteracións potencialmente letais do seu estado de saúde, recoñecendo tamén aquelas situacións que comprometen a seguridade do equipo e da propia vítima.

Inicialmente seguiranse os seguintes pasos:

- Valorar a seguridade da escena e do propio equipo, segundo o establecido no procedemento: *PO3-02 Avaliación inicial da escena. Persoal TES.*
- De ser segura a intervención, procederase á valoración primaria do paciente, que seguirá o esquema ABCDE, valorando por esta orde a permeabilidade da vía aérea, o estado ventilatorio, circulatorio e neurolóxico.
- Informar á CCUSG-061: tipo de evento, número e estado do/s paciente/s para valorar o envío doutros recursos.

PROCEDEMENTO PO3-03	Edición: 01
ATENCIÓN AO PACIENTE ADULTO GRAVE NAS AA-SVB. PERSOAL TES	
<i>Responsable: Dirección Asistencial</i>	

2.1 VALORACIÓN PRIMARIA

A) Valoración da vía aérea:

- Comprobar a permeabilidade.
- Retirar calquera obxecto que puidera ter solto na boca ou contido alimenticio.
- En caso de presenza de secrecións na boca que obstrúan a vía aérea, eliminalas inmediatamente mediante o aspirador de secrecións na cavidade bucal con sonda de aspiración Yankauer.

B) Valoración da respiración:

- Respiración:
 - Dificultade respiratoria: dispnea, dispnea en decúbito supino, fala entrecortada ou dispnea súbita no descanso nocturno que obrigue ao paciente a incorporarse, etc.
 - Ruídos respiratorios sobre engadidos.
 - Frecuencia respiratoria: normal, bradipnea ou taquipnea.
 - Uso de musculatura accesoria, respiración rápida e superficial.
 - Saturación de osíxeno.
- Tórax, valoración e inspección de:
 - Se ambos hemitórax se elevan á vez durante a inspiración.
 - Se hai algún segmento do tórax que realice movementos contrarios con respecto o resto.
 - Se o tórax apenas se move coa respiración.
 - Se o paciente emprega musculatura accesoria (abdominal, clavicular...) para a entrada de aire.
 - Se existe algunha lesión que está comprometendo a integridade do tórax.

PROCEDEMENTO PO3-03	Edición: 01
ATENCIÓN AO PACIENTE ADULTO GRAVE NAS AA-SVB. PERSOAL TES	
<i>Responsable: Dirección Asistencial</i>	

C) Valoración da circulación:

- Control de hemorragias externas que poidan comprometer a vida do paciente mediante vendaxes compresivas e/ou compresión directa.
- Medir a frecuencia e características do pulso:
 - Frecuencia cardíaca: bradicardia ou taquicardia.
 - Pulso rítmico ou arrítmico e/ou normal ou débil.
- Coloración cutánea: normal, cianose central ou periférica, palidez.
- Sudación profusa, fría.
- Temperatura da pel.

D) Valorar o estado neurolóxico:

- Valorar o nivel de consciencia segundo a escala AVDN:
 - **A**: alerta.
 - **V**: somnolencia, responde a ordes verbais.
 - **D**: estupor, responde a estímulos dolorosos.
 - **N**: coma, non hai resposta.
- Outros aspectos a valorar:
 - Valorar o tamaño e simetría das pupilas: midríase, mióse, isocoria ou anisocoria.

E) Exposición:

- Se é preciso retirar roupa do paciente (se é posible no interior da ambulancia para protexelo da hipotermia).

2.2 VALORACIÓN SECUNDARIA

A valoración secundaria debe iniciarse só naqueles casos nos que a situación clínica do paciente o permita.

Realizárase unha exploración do paciente, de cabeza a pes, incluíndo as costas, prestando especial atención aos seguintes puntos:

- Localización de zonas dolorosas.

PROCEDIMENTO PO3-03	Edición: 01
ATENCIÓN AO PACIENTE ADULTO GRAVE NAS AA-SVB. PERSOAL TES	
<i>Responsable: Dirección Asistencial</i>	

- Valorar a orientación temporal, espacial e persoal do paciente con preguntas sinxelas.
- Valorar signos de focalidade neurolóxica: desviación da comisura labial, imposibilidade ou dificultade para a mobilidade ou sensibilidade das extremidades ou dificultade na fala.
- Lesións non evidenciadas na valoración primaria.
- Toma de constantes vitais se o indica o persoal sanitario da CCUSG-061.
- Breve historia clínica do paciente con metodoloxía SAMPLE:
 - **S:** Signos e síntomas.
 - **A:** Alerxias.
 - **M:** Medicamentos que toma o paciente de forma habitual.
 - **P:** Patoloxías previas.
 - **L:** Última inxesta.
 - **E:** Eventos que levaron ao paciente á lesión (¿que pasou?).

2.3 COMUNICACIÓN Á CCUSG-061

Informar do estado do paciente para a derivación hospitalaria adecuada a súa patoloxía; independentemente do centro sanitario que lle corresponda.

3.- REXISTROS

Rexistros da aplicación ACORDE.

Folla de asistencia AA-SVB.

4.- GLOSARIO

Non aplica.


5.- ANEXOS

Anexo I. Algoritmo de avaliación inicial do paciente adulto grave.

PROCEDEMENTO PO3-03	Edición: 01
ATENCIÓN AO PACIENTE ADULTO GRAVE NAS AA-SVB. PERSOAL TES	
<i>Responsable: Dirección Asistencial</i>	

ANEXO I

Algoritmo de avaliación inicial do paciente adulto grave



PROCEDIMIENTO PO3-03	Edición: 01
ATENCIÓN AO PACIENTE ADULTO GRAVE NAS AA-SVB. PERSOAL TES	
Responsable: Dirección Asistencial	

AVALIACIÓN INICIAL DO PACIENTE ADULTO GRAVE

PACIENTE CONSCIENTE

ESTADO RESPIRATORIO	<p><u>FRECUENCIA</u></p> <p>TAQUIPNEA > 20 rpm</p> <p>EUPNEA 10-20 rpm</p> <p>BRADIPNEA < 10 rpm</p>	<p><u>CARACTERÍSTICAS</u></p> <p>PROFUNDIDADE (superficial, normal, profunda)</p> <p>REGULARIDADE (regular, irregular)</p>
----------------------------	--	--

MOVEMENTOS RESPIRATORIOS E SIGNOS DO TÓRAX

En caso de:

- ASIMETRÍA dos movementos torácicos
- ESFUERZO RESPIRATORIO Utilización de músculos non habituais durante a inspiración (pescozo, clavículas, abdomen)
- RUIDOS RESPIRATORIOS SOBREENGADIDOS
- TRAUMATISMOS QUE COMPROMETAN A INTEGRIDADE DO TÓRAX

ADMINISTRAR O₂

ESTADO CIRCULATORIO	<p><u>FRECUENCIA</u></p> <p>TAQUICARDIA > 100 lpm</p> <p>NORMAL 60-100 lpm</p> <p>BRADICARDIA < 60 lpm</p>	<p><u>CARACTERÍSTICAS</u></p> <p>RITMO(regular, irregular)</p> <p>FORZA cheo, débil (filiforme)</p> <p>RECHEO CAPILAR > 2 segundos</p> <p>TEMPERATURA</p> <p>COR DA PEL (sonrosada, palidez, cianose)</p> <p>DIAFÓRESE</p> <p>HEMORRAXIAS EXTERNAS</p>
----------------------------	--	---

En caso de:

- Hemorraxias externas

CONTROL DE HEMORRAXIAS

ESTADO NEUROLÓXICO	<div style="background-color: #8e6c39; color: white; padding: 10px; font-weight: bold; font-size: 1.2em;">AVDN</div>	<p><u>PUPILAS</u></p> <p><u>TAMAÑO</u></p> <p>MIDRIASE</p> <p>NORMAIS</p> <p>MIOSE</p>	<p><u>DIFERENTE TAMAÑO</u></p> <p>ISOCORIA</p> <p>ANISOCORIA</p>
---------------------------	--	--	--

En caso de:

- Alteracións da consciencia, valoración VDN, constancia de que houbo perda de consciencia ou memoria e/ou presenta déficits neurolóxicos

INFORMAR CCUS

EXPOSICIÓN	<p>Expoña o corpo do paciente ou a parte do corpo que desexa avaliar para localizar signos de lesións ou enfermidades que poideran comprometer as funcións vitais.</p> <p>Na medida do posible manteña a privacidade do paciente.</p>
-------------------	---

EVITAR HIPOTERMIA

